

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS ESPAZOS TERMAIS EN ZONA DE DOMINIO PÚBLICO DO CONCELLO DE BANDE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos véñense levando a cabo comportamentos incívicos nos espazos termais e zona de dominio público do Concello de Bande que quebran a convivencia cidadá. Ademais de actividades que atentan a salubridade e a saúde pública, o respecto ao medio ambiente e o dereito á intimidade, descanso e tranquilidade dos/as usuarios/as destes espazos.

Sensibles aos prexuízos que tales circunstancias causan, a presente Ordenanza expone co obxectivo de establecer unhas condicións mínimas no uso do espazo termal e zona de dominio público, ata o de agora carente de regulación na normativa municipal, de maneira que se poidan conciliar as demandas e necesidades de tódolos/as usuarios/as e promover a súa convivencia. Así mesmo, garantir a seguridade e o respecto mutuo.

Para iso, nesta Ordenanza recóllense as recomendacións e condicións de utilización e de non uso, as actuacións que se deben respectar, defínense os dereitos e obrigas dos/as usuarios/as e concrétase o réxime sancionador por un uso indebido do espazo termal e zona de dominio público.

As características dos espazos termais precisan dunha serie de medidas e instrucións de uso encamiñadas a salvagardar as súas condicións e a manter en todo momento a súa salubridade e hixiene, así como garantir a súa calidade.

Para o mellor cumprimento destes fins, o Concello de Bande establece unha serie de condicións xerais de uso e funcionamento que servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos/as usuarios/as, e doutra, para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes coas instalacións, cos demais usuarios e co persoal que desenvolva as súas funcións nas mesmas.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS



Artigo 1. Ámbito de aplicación

As presentes condicións xerais de uso son de aplicación aos espazos termais sitos no Concello de Bande.

Artigo 2. Recomendacións e condicións de utilización.

2.1. Xerais:

- a. O uso dos espazos termais realizarase sempre baixo a responsabilidade dos usuarios. Recoméndase a consulta cun profesional da saúde antes de empregalos.
- b. A estadía de baño das persoas usuarias non deberá superar os 30 minutos. Ademais deberá descansar despois do baño e hidratarse ben.
- c. No caso se notar calquera tipo de síntoma en relación ao baño, debe saír do mesmo coas debidas precaucións.
- d. Deberá ter coidado coas exposicións prolongadas ao sol, sen protección idónea.
- e. Cando o usuario da instalación sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos os seus pais, titores legais ou gardadores de feito.

2.2 De non uso:

- a. Persoas que precisan osixeno-terapia de forma continua.
- b. Persoas con insuficiencias venosas, incluído o síndrome hemorroidal en grado moderado ou severo.
- c. Embarazo en períodos extremos ou embarazos de alto risco.
- d. Convalecencia tras enfermidades graves, traumatismos importantes, postoperatorios, tras un ciclo de quimioterapia ou radioterapia.
- e. Feridas abertas ou recentes, sen protección impermeable.

Os usuarios deberán respectar, en todo caso, as condicións específicas de uso de cada espazo termal que figuran expostas na instalación.

O concello, os corpos e forzas de seguridade do Estado ou persoal autorizado, ten a facultade para negar o acceso ou requirir o abandono das instalacións a aquelas persoas que incumpran de forma reiterada calquera das condicións contidas neste documento, ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios, sen



prexuízo de esixir calquera outro tipo de responsabilidades que correspondan, en caso de actos contra a convivencia pacífica, comportamentos desaxeitados cos usuarios, uso indebido ou destrutivo das instalacións ou material municipal, ou calquera outro que perturbe o correcto funcionamento das instalacións.

O acceso aos diferentes espazos termais estará limitado en función da cabida dos mesmos e das medidas sanitarias e de seguridade aplicables en cada momento, no seu caso.

O concello non se fará responsable ante o usuario en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento, por parte deste, das presentes condicións de uso, dun comportamento negligente doutro usuario ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.

Os obxectos atopados nas instalacións termais serán remitidos ás oficinas municipais, sendo de aplicación o réxime establecido no artigo 615 do Código Civil.

Artigo 3.- Obrigas dos usuarios:

Son obrigas dos usuarios as seguintes:

- a) A obriga de uso das instalacións baixo a supervisión dunha persoa adulta responsable no caso de:
 - Persoas dependentes ou que non dispoñan de autonomía suficiente para a correcta utilización das instalacións
 - Persoas que padezan trastornos psíquicos ou de comportamento.
 - Nenos/as de 6 a 14 anos de idade.
- b) Empregar chancletas e roupa de baño adecuada. Non se permitirá o acceso á zona de baño a persoas con calzado e roupa de rúa ou nús.
- c) Respetar en todo momento as indicacións dos paneis de información sitos nos espazos termais.
- d) Respetar a instalacións e os seus equipamentos.
- e) Contribuír á tranquilidade do espazo lúdico termal, mantendo baixos os niveis de ruído e conversación.
- f) Non abandonar desperdicios e empregar os colectores do lixo.
- g) Recoller as súas pertenzas antes de abandonar as instalacións.

Artigo 4.- Actuacións non permitidas nos espazos termais e



zona de dominio público.

4.1. Non está permitido o acceso a:

- a) Persoas con enfermidades infecciosas, con transmisibilidade á colectividade, e que estea en período infectivo.
- b) Persoas con sistemas de retención de fluídos biolóxicos non axeitados (serán os que poidan desprenderse e poidan nalgún momento deixar saír restos á auga). A modo de exemplo, ostomías mal seladas, vendaxes non impermeables, cueiros non adaptados ao baño.
- c) Persoas menores de 6 anos, debendo acreditarlo, nos casos en que fose requirido, mediante o correspondente documento de identidade.

4.2. Non está permitida a realización das seguintes accións:

- a) Introducir vasos, botellas, obxectos de vidro ou similares nas piscinas.
- b) Introducir material alleo (bicicletas, flotadores, pelotas, etc.).
- c) Mergullarse, introducir ou expulsar auga pola boca.
- d) A inxesta de bebidas e/ou alimentos nas piscinas.
- e) Acceder con animais ás piscinas ou deixalos soltos no espazo termal.
- f) O uso de aparatos de música, teléfonos, cámaras de fotos ou de gravación, etc.
- g) Fumar, vapear ou utilizar calquera clase de pipa ou cigarrillo electrónico, ou dispositivos electrónicos análogos nas piscinas.
- h) Afeitarse, depilarse, lavar roupa ou calquera outra actividade que non sexa a específica en función do seu deseño e elementos.
- i) Calquera comportamento que poida molestar as demais persoas usuarias (salpicar, correr, saltar, facer excesivo ruído, etc).
- j) Obstaculizar as zonas de acceso a cada vaso, así como os puntos de entrada de auga aos mesmos.
- k) Permanecer nas zonas empedradas adxacentes a cada vaso.
- l) Ofertar, prestar ou garantir servizos terapéuticos nas instalacións.
- m) A acampada libre.
- n) Nudismo.
- o) A venta ambulante.
- p) O abandono, vertido ou eliminación incontrolada de residuos.
- q) Instalar tendais nas árbores.
- r) Facer lume de calquera tipo.
- s) A parada ou estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo



camper e caravanas que non estea autorizado previamente polas autoridades locais. Como medida cautelar, procederase a inmovilización ou retirada do vehículo co que se cometera a infracción.

t) Sacar toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras, tendais ou calquera outro mobiliario doméstico ao exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro de calquera vehículo.

Artigo 5.- Dereitos dos usuarios

Os usuarios terán os seguintes dereitos:

- a) Ao uso das instalacións e servizos do espazo e piscina termais.
- b) A recibir información relativa ao funcionamento e normas de uso do espazo termal.
- c) A formular as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes.

TÍTULO II. RÉXIMEN SANCIONADOR

Artigo 6. Disposicións xerais

1. A competencia para sancionar as infraccións ás disposicións nas materias reguladas na presente Ordenanza corresponde ao Alcalde/sa en aqueles supostos previstos na mesma ou na lexislación sectorial.
2. Os tipos de infraccións e sancións son os que establece a lexislación sectorial e os que se concretan nesta Ordenanza.
3. Ademais da imposición da sanción que corresponda, o concello poderá adoptar as medidas axeitadas para a restauración da realidade física alterada do orde xurídico infrinxido coa execución subsidiaria a cargo do infractor e a imposta dos prezos públicos devengados.
4. A responsabilidade polas infraccións ao disposto nesta Ordenanza recaerá na persoa autora dos feitos.

Artigo 7. Infraccións



As infraccións propias desta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Constitúen infraccións leves:

- a. Introducir material alleo (flotadores, pelotas, etc.).
- b. Mergullarse, introducir ou expulsar auga pola boca.
- c. Permanecer nas zonas empedradas adxacentes a cada vaso.

2. Constitúen infraccións graves:

- a. Obstaculizar as zonas de acceso a cada vaso, así como os puntos de entrada de auga aos mesmos.
- b. O uso de aparatos de música, teléfonos, cámaras de fotos ou de gravación, etc.
- c. Fumar, vapear ou utilizar calquera clase de pipa ou cigarro electrónico, ou dispositivos electrónicos análogos nas piscinas.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- a. Calquera comportamento que poida molestar as demais persoas usuarias (salpicar, correr, saltar, facer excesivo ruído, etc).
- b. Introducir vasos, botellas, obxectos de vidro ou similares nas piscinas.
- c. A inxesta de bebidas e/ou alimentos nas piscinas.
- d. Acceder con animais ás piscinas ou deixalos soltos no espazo termal.
- e. A parada ou estacionamento de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas que non estea autorizado previamente polas autoridades locais.
- f. Sacar toldos, patas estabilizadoras ou niveladoras, mesas, cadeiras, tendais ou calquera outro mobiliario doméstico ao exterior, así como despregar calquera outro elemento que amplíe o perímetro de calquera vehículo.
- g. A venta ambulante.
- h. Ofertar, prestar ou garantir servizos terapéuticos nas instalacións ou calquera outro tipo de servizo.



- i. A acampada libre.
- j. Nudismo.
- k. O abandono, vertido ou eliminación incontrolada de residuos.
- l. Facer lume de calquera tipo.
- m. Instalar tendais nas árbores.

Artigo 8. Sancións:

- 1. As sancións das infraccións tipificadas neste artigo son as establecidas na lexislación vixente que lle sexa de aplicación e as que, no seu caso, se establezan na presente ordenanza.

Disposición final única. Entrada en vigor

A presente Ordenanza Municipal entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto definitivo aprobado polo Pleno Municipal.

